

PROXECTO EDUCATIVO

C.E.E SANTA MARIA

INDICE

Introdución.	3
1. Marco legal e lexislativo.	4
2. Análise do contexto: o noso centro.	5
3. Intencións educativas.	8
4. Os nosos obxectivos xerais e principios educativos.	9
5. Liñas principais de actuación.	10
6. Obxectivos específicos.	11
7. Obxectivos xerais das etapas e ensinanzas complementarias.	14
8. Avaliación do alumnado	19
9. Estrutura organizativa.	20
10. Atención ao alumnado.	22
11. Atención á diversidade.	26
12. Servizos complementarios.	27
13. Proxectos, plans e outros documentos de centro.	29
14.Actividades complementarias e extraescolares	30
15. Avaliación e reforma do PEC.	31
16. Anexos.	31

INTRODUCCIÓN

Para nós o Proxecto Educativo de Centro (PEC) é un instrumento que marca o carácter propio e personalidade do colexio referido a todo o ámbito educativo tanto a nivel organizativo e de xestión como o docente e pedagóxico. Enumera e define as súas notas de identidade e propicia unha maior unidade de criterios en todos os ámbitos de actuación educativa.

Serve como punto de referencia e é o marco que articula toda a organización e actividade do centro e ademais é susceptible de ser modificado cando se considere, seguindo o proceso establecido na normativa vixente; é un documento flexible e aberto.

A utilidade deste proxecto radica na capacidade de respostar á diversidade de necesidades, motivacións e intereses do alumnado, docentes, familias e entorno do centro. Non será viable se non é un punto de reflexión de toda a comunidade educativa e non recolle todas as inquedanzas da colectividade educativa.

Dacordo coa lexislación vixente, os centros educativos disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e as normas de organización e funcionamento. A normativa tamén establece que o proxecto educativo de centro recollerá os valores, fins e prioridades de actuación e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios de unha aprendizaxe competencial orientado ao exercicio da cidadanía activa. Incluirá un tratamento transversal da educación en valores, o desenvolvemento sostible, igualdade de mulleres e homes, de igualdade de trato e non discriminación e de prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso, así como da cultura da paz e dos dereitos humanos.

Este documento para ser funcional debe de cumprir cunhas determinadas características:

- Temporal: debe de ser revisado para adaptarse á nova realidade.
- Participativo: debe der recibir as aportacións de toda a comunidade educativa e aprobado polo consello escolar.
- Sometido á lexislación: adaptado á normativa establecida.
- Con obxectivos: non se pode quedar nunha mera carta de presentación, debe de ser unha declaración de intencións executables.
- Breve: moitos dos seus aspectos estarán desenvolvidos por outros documentos do centro.
- Búsqueda da integración: debe encamiñarse a garantir a non discriminación e integración da comunidade educativa e a creación dun clima de respecto e convivencia.

I. MARCO LEGAL E LEXISLATIVO.

-Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

-Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.

-Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia.

- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia.

- Lei 4/2011, 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 8/2015, 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011.

- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro.

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

- Decreto 107/ 2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia.

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil.

- Decreto 105, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria en Galicia.

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria en Galicia.

II. ANÁLISE DO CONTEXTO: O NOSO CENTRO.

2.1. Datos xerais.

Tipo de centro: público.

Denominación oficial: Colexio de Educación Especial "Santa María".

Poboación: Lugo.

Código do centro: 27014057.

Situación: Campus Universitario.

Dirección: Rúa da Luz 1.

Código Postal: 27002.

Teléfono: 982- 829220.

Correo electrónico: cee.santamara@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/>

O Colexio de Educación Especial "Santa María" de Lugo, está situado na Rúa da Luz nº1, fronte á facultade de veterinaria, é dicir, no campus universitario.

Este colexio público foi creado polo O.M. do 1 de setembro de 1.978 e B.O.E. de 30 de agosto do mesmo ano.

Por orde de 15 de Xuño de 2.000 (D.O.G. de 21 do mesmo mes), intégranse neste centro o colexio de EE. número 1 de Riberas de Lea (Castro de Rei) e o colexio de EE. número 2 de Lugo.

2.2. Descrición.

O edificio que alberga as instalacións consta de dúas plantas:

Na planta baixa están situadas:

- 4 aulas de PT.
- 2 aulas de audición e linguaxe
- Sala de enfermería.
- Aula multisensorial.
- Dúas aulas de persoal coidador.
- Despachos (dirección, xefatura de estudos e secretaría).
- Orientación.
- Conserxería.
- Aula de informática.
- Biblioteca.
- Sala de xogos.
- Lavandería, cociña e comedor.

- Varios baños.

Na planta superior:

- 6 aulas de PT (ala dereita)
- Salón de actos.
- Zona internado (esquerda), con cuartos, baños e dúas salas de estar.

No soto:

- Aula de música.
- Aula fisioterapia.
- Ximnasio.
- Aula xardinería.
- Aula peiteado.

Nos arredores dispoñemos de campo con invernadoiro e zonas axardinadas, zona de xogos e un pavillón cuberto.

2.3. Alumnado.

Ao centro atende a alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo:

- Trastornos do neurodesenvolvemento:
 - Trastornos do desenvolvemento intelectual (discapacidade intelectual).
 - Trastorno do espectro autista.
 - Trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade.
 - Trastorno específico da aprendizaxe.
 - Trastorno da comunicación.
- Parálise cerebral asociada a outros trastornos.
- Discapacidade intelectual e/ou auditiva asociadas a outros trastornos do desenvolvemento.

Unha parte do noso alumnado procede de fóra da cidade de Lugo, dende a Mariña de Lugo, Sarria, Cospeito, Vilalba, Ribadeo e outras poboacións que se atopan preto da cidade.

O número de alumnos e alumnas oscila entre 50 e 60.

Modalidade de escolarización

- A tempo completo.
- Combinada: centro ordinario-CEE ou CEE-centro ordinario.
- Atención domiciliaria.
- Atención hospitalaria.

2.4. Profesorado.

O número de profesores e profesoras ascende a 21, dos cales 1 é especialista en E.F., un en música outro en relixión (compartido), en inglés (compartido) unha orientadora e dous profesores técnicos de F.P.; e o resto especializados en P.T e Audición e Linguaxe.

2.5. Pais e nais.

Os país/nais interveñen na marcha do centro da seguinte forma:

- Participación nos órganos de goberno (consello escolar) e as súas comisións.
- A través de A.N.P.A.
- A título persoal ou en grupo, co titor, orientador e equipo directivo.
- Participación en actividades complementarias e extraescolares.

2.6. Persoal non docente.

- Educadoras/es: 3 en turnos de tarde e noite.
- Coidadores/as: 10 de mañá , catro itinerantes, e 8 en turnos de tarde e noite.
- Fisioterapeuta.
- Persoal de conserxería: 2.
- Persoal de limpeza: 4, turnos de mañá e tarde, unha a tempo parcial.
- Persoal de cociña: 4, turnos de mañá e tarde.
- Persoal de lavandería: 1.
- Persoal ILSE: 1, a disposición de Xefatura Territorial.
- Persoal ATS-DUE: 1, a disposición de Xefatura Territorial.

2.7. Ensinanzas impartidas.

A. Educación básica obrigatoria, EBO.

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.

B. Formación profesional adaptada: programas formativos adaptados.

- Xardinaría e viveirismo.
- Peiteado.

C. Formación para a transición á vida adulta.

- Autonomía persoal na vida diaria.
- Inclusión social e comunitaria.
- Orientación e formación laboral.
- Formación orientada ao desempeño profesional.

III. INTENCIÓNS EDUCATIVAS

O centro está integrado nunha sociedade que ten como fin proporcionar unha educación integral ao alumnado con discapacidade en idade escolar desenvolvendo as súas capacidades para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias.

Para acadar os fins temos en conta unhas intencións educativas fundamentais:

- Educación integral da personalidade.
- Educar no pluralismo e a aceptación das diferenzas.
- Educar na solidariedade, cooperación e integración social.
- Desenvolvemento na vida nunha sociedade democrática e nos seus valores.
- Respecto e responsabilidade.
- Favorecer a autoestima, a autonomía e autoimaxe.
- Traballo colaborativo e en equipo.
- Mellora continua e superación de barreiras.
- Facer do centro algo gratificante non só para o alumnado senón para todo o persoal, por iso a metodoloxía a seguir deberá ser activa, significativa e funcional.
- Entender a educación como o proceso polo cal se promove a formación, crecemento persoal e social nos individuos e que preparará ás persoas para desenvolverse na súa realidade social e cultural; asumindo o noso compromiso de deseñar estratexias de intervención no ámbito educativo como etapa importante na que debemos promover calidade de vida. Considerar a educación como un proceso de formación no que tanto o profesorado como o alumnado deben ter una actitude activa tendente a acadar aprendizaxes que contribúan ó seu desenvolvemento integral.
- Autodeterminación persoal para unha axeitada interdependencia social baseada no desenvolvemento da autonomía (independencia, elección), autodeterminación (metas e resolución de problemas), autopercepción e autocoñecemento.
- Educación na coeducación, igualdade de xénero corresponsabilidade entre sexos.
- Educación nas novas tecnoloxías ante unha sociedade tecnolóxica e cambiante.
- Educación para a saúde e o disfrute do tempo libre.
- Educación ambiental e respecto polo medio ambiente o desenvolvemento sostible.
- Colaboración continua entre a familia e a escola.
- Apertura ao contorno e colaboración con asociacións e outras entidades, públicas e privadas.
- Favorecer o emprendemento e o espírito crítico.
- Innovación educativa para a mellora da calidade educativa.

- Atención á diversidade e promoción dos talentos individuais.
- Uso axeitado das novas tecnoloxías na sociedade da información.
- Apoiar á aprendizaxe con recursos para a comunicación como SAAC e axudas técnicas.

IV. OS NOSOS OBXECTIVOS XERAIS E PRINCIPIOS EDUCATIVOS.

Plantexamos os seguintes obxectivos xerais e principios do proceso educativo:

- Proporcionar un servizo de calidade ao alumnado, facilitando a integración social.
- Promover o apoio mutuo e a participación das familias no proceso educativo.
- Contribuír no avance do principio da inclusión educativa.
- Respectar a lingua materna propia do alumnado, establecendo a pluralidade como xeito de comunicación.
- Utilizar unha metodoloxía baseada na teoría da aprendizaxe significativa, é dicir, que os coñecementos sexan funcionais para que o alumnado os poida empregar cando os contextos nos que se atope así o requiran.
- Traballar a favor da coeducación, orientando a nosa actividade ata unha educación para a igualdade, sen discriminacións por razón do sexo ou calquera outra condición.
- Educar en valores para una sociedade democrática: solidariedade, respecto aos demais, actitude de diálogo e tolerancia.
- Fomentar a participación de todos os estamentos por medio de representantes dirixidos a fomentar os procesos participativos de información, consulta e toma de decisións.
- Favorecer a innovación educativa como principio básico para a mellora da calidade educativa.
- Favorecer a integración do centro na contorna, colaborando con todo tipo de entidades, públicas ou privadas.
- Usar e aprender a usar as novas tecnoloxías como elemento integrador nunha sociedade cambiante e global.
- Favorecer a autoestima, a autonomía persoal, a integración e o benestar de toda a comunidade educativa.
- Denvolver o traballo colaborativo, o espírito crítico e emprendedor.
- Fomentar a atención educativa da diversidade e favorecer a promoción dos talentos individuais. Os principios de atención á diversidade serán: atención temperá, prevención e calidade

- Favorecer a orientación educativa e laboral.
- Establecer un marco de colaboración coas familias para a mellora da atención ao noso alumnado.
- Desenvolver unha educación para a prevención e resolución de conflitos e a non violencia.
- Liña metodolóxica que considerará: a cultura da diversidade, a inclusión, coordinación, participación, colaboración, a tecnoloxía, a innovación, a colaboración co contorno e asociacións e a cultura da recuperación.
- Dixitalización para a mellor formación do noso alumnado e xestión do centro, nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica, cambiante e globalizada.

V. LIÑAS PRINCIPAIS DE ACTUACIÓN.

Tendo en conta as necesidades da comunidade educativa e os principios de señas de identidade plantexamos as seguintes liñas de actuación:

- Comunicarse empregando algún dos diferentes códigos de comunicación e usando, se é preciso, sistemas alternativos e aumentativo de comunicacións e axudas técnicas.
- Comunicarse socialmente para favorecer a integración efectiva na sociedade.
- Favorecer a autonomía persoal en tódolos ámbitos da vida.
- Mellorar as habilidades adaptativas (académicas, sociais, comunitarias) para unha mellora da calidade de vida do noso alumnado e do seu ámbito familiar.
- Fomentar e xeneralizar o uso das boas prácticas en todos os ámbitos.
- Favorecemento da innovación e a formación do profesorado e resto de persoal como elemento de mellora da calidade educativa.
- Atención á diversidade e promoción dos talentos individuais de cada alumno ou alumna do centro.
- Educación en valores democráticos de igualdade e non discriminación e favorecemento da convivencia e xestión pacífica dos conflitos.
- Colaboración con todo tipo de institucións e co ámbito familiar para unha educación integral.
- Xestión eficiente e eficaz dos medios económicos, materiais e persoais dos que dispoñemos.
- Elaboración de plans para a dixitalización do centro, a actividade docente e administrativa.
- Favorecer a implicación das familias ou titores e titoras legais na educación do alumnado.

- Orientación educativa e laboral para a adquisición de de habilidades que permitan a búsqueda de oportunidades e a incorporación a estudos relacionados co mundo laboral.

VI. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

6.1. Ámbito curricular e pedagógico.

- Desenvolver as competencias e habilidades básicas do alumnado de modo que lle permitan acadar unha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais, culturais e laborais que faciliten a súa inclusión na sociedade.

- Axudar e apoiar ao alumno/a a descubrir e potencia-las súas habilidades adaptativas: comunicación, coidado persoal, vida no fogar, habilidades sociais, emprego da comunidade, saúde e seguridade, habilidades académico-funcionais , emprego e ocio.

- Fomentar a autorregulación do alumno co fin de mellorar a súa autonomía persoal e social.

- Proporcionar o crecemento da dimensión social a través do grupo.

-Fomenta-la participación do alumnado en tódolos contextos nos que se desenvolve a vida co obxecto de favorece-la súa autonomía persoal e social.

- Promove-lo desenvolvemento das actitudes e normas laborais elementais (seguridade no traballo, actitude positiva ante a tarefa) e adquisición de habilidades laborais de carácter polivalente.

-Formar na busca de auténticos valores de xustiza, verdade, solidariedade, respecto na liberdade dos outros, conduta responsable...

- Optar por unha educación de calidade personalizada e en equipo, cunha metodoloxía activa e nunha avaliación periódica do proceso educativo.

- Fometar o espírito crítico, o traballo colaborativo, a resolución de problemas de maneira pacífica e o disfrute do tempo de lecer e das novas tecnoloxías.

6.2. Ámbito metodolóxico.

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a e adecuarse á súa idade cronolóxica, compatibilizando as necesidades especiais cos intereses e prioridades da idade.

- Facilitar construción de aprendizaxes significativas, buscando sempre a funcionalidade nas aprendizaxes e a súa xeneralización.

- Favorecer o enfoque globalizador, contextualizando o xeito de como presentamos a realidade ao alumnado, xa que considerase como a perspectiva mais idónea para a construción de aprendizaxes significativas.

- Fortalecer as interaccións mestre e alumnado e entre iguais, é a base para a adquisición dos novas aprendizaxes.

- Potenciar a motivación e interese do alumnado polas novas aprendizaxes.

- Proporcionar as axudas necesarias para o aprendizaxe. A individualización do ensino require outorgar axudas ao alumnado para construír o seu coñecemento.

- Respetar a propia identidade e individualidade do alumnado, atendendo ás súas peculiaridades e aos seus ritmos de aprendizaxe co obxecto de adapta-los métodos e recursos ás diferentes situacións.

- Favorece-la participación activa do alumnado no proceso de ensino aprendizaxe promovendo agrupamentos flexibles e deseñando actividades complementarias e/ou extraescolares (ocio inclusivo, teatro, xornadas lúdicas e deportivas...).

- Fomentar ofertas formativas adaptadas ás necesidades do noso alumnado coa fin de facilitar a integración socio-laboral.

- Estimula-la participación dos pais para compartir a tarefa educativa.

- Priorizar como liña metodolóxica o apoio conductual positivo.

- Favorecer a innovación educativa, a participación en proxectos e o traballo colaborativo.

- Uso axeitado das novas tecnoloxías nunha sociedade da información cambiante e dixitalizada.

- Colaboración con servizos externos, asociacións ou entidades públicas e privadas para unha axeitada atención ao noso alumnado.

6.3. Ámbito organizativo e administrativo.

- Optimizar a utilización dos recursos materiais e persoais do centro para a consecución dos obxectivos plantexados.

- Favorecer as condicións necesarias para unha boa convivencia no centro, proporcionando e impulsando iniciativas para toda a comunidade educativa.

- Favorecer a participación de todo o persoal na toma de decisións, iniciativas e proxectos.

- Asegurar a transparencia democrática e de participación nos procesos organizativos.

- Favorecer a participación de toda a comunidade educativa nos distintos órganos do centro para un funcionamento funcional, dinámico e que favoreza a convivencia.

- Xestionar o centro segundo as normas establecidas pola administración educativa, usando as novas tecnoloxías postas a nosa disposición.

- Realizar unha xestión económica transparente e equilibrada respetando lexislación e a normativa contable e de xustificación de contas.

- Xestionar as axudas que precise o alumnado e colaborar coas familias na solitude e xestión das mesmas.

6.4. Obxectivos referidos ás institucións externas.

- Favorecer a participación das asociacións de nais e pais na xestión e organización do centro.

- Facilitar e establecer relacións con entidades, institucións públicas e privadas e outros servizos que ofrezan novas experiencias ao alumnado.

- Formación e intercambio de experiencias entre profesionais, pais e alumnos.

- Inclusión en actividades con alumnado de outros centros da contorna.

6.5. -Obxectivos referidos ao persoal do centro.

- Propiciar a formación permanente do profesorado e persoal non docente mediante de plans e actividades específicos.

- Crear grupos de traballo que se consideren necesarios para garantir coherencia interna do proceso educativo.

- Planificar a distribución de tarefas, asignación do profesorado, respectando sempre que sexa posible as preferencias dos profesionais, e de acordo aos seguintes criterios:

- Antigüidade no centro e no corpo.

- Necesidades do centro.

- Fomento de valores que faciliten e melloren a convivencia no centro.

- Favorecer a formación e a innovación como elementos de mellora da calidade educativa.

- Xestionar con eficiencia e eficacia o persoal que pon a nosa disposición a administración educativa e plantexar, de forma motivada, cando sexa necesario a provisión de medios precisos

6.6. Obxectivos referidos ao ámbito humano e convivencial.

- Clarificar as funcións de todo o persoal para favorecer unha intervención conxunta e coordinada.

- Establecer canles coas familias e a ANPA para atender as súas demandas.

- Informar das principais normas e organización do centro tendo en conta os protocolos establecidos e a lexislación vixente.

- Sensibilizar á toda a comunidade educativa sobre o acoso e ciberacoso escolar e favorecer o actamento das normas para un entendemento axeitado.

6.7. Obxectivos para a normalización lingüística.

- Sensibilizar á comunidade educativa respecto das vantaxes e contar cunha lingua propia.
- Fomentar o coñecemento e uso da lingua galega.
- Participar en convocatorias e programas para favorecer o uso da lingua galega.
- Colaborar con entidades externas e servizos da administración para fomentar o coñecemento da nosa lingua e da nosa cultura.

VII. OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS E DAS ENSEÑANZAS COMPLEMENTARIAS.

Nas concrecións curriculares concréntanse e contextualízanse as prescricións da administración, tendo en conta as peculiaridades do noso centro.

Os obxectivos que se perseguen co proceso de ensinanza e os contidos que son necesarios para alcanzalos, veñen definidos nos Decretos do currículo para cada etapa.

O propósito ou finalidades definidas no Proxecto Educativo iranse reflectindo en cada curso, a través de diversas estratexias didácticas.

As programacións serán elaboradas de maneira conxunta, polo profesorado, coidando de que os principios que as articulan sexan coherentes entre si. Complémentaranse estas programacións coa intervención individualizada en Audición e Linguaxe (P.I.E.) e rehabilitación motórica-terapia ocupacional (fisioterapia).

O noso centro, que escolariza nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e 21 anos, terá un único Proxecto Educativo, común para todo o centro, e varias programacións, pasando tamén polas adaptacións curriculares individualizadas e flexibilizacións modulares.

7.1. E.B.O. (Educación básica obrigatoria)

A. Obxectivos xerais da Educación Infantil.

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e do dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas na lecto-escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.

- Promover aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

B. Obxectivos xerais da Educación Primaria.

A finalidade da Educación Primaria é facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, o hábito da convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade coa fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio de unha sociedade democrática.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e o espírito emprendedor.

- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos ea prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes de mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión e crenzas, discapacidade ou outras condicións.

- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua catelá e lingua galega e desenvolver hábitos de lectura.

- Adquirir e unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica para comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotidianas.

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos geométricos e estimacións e aplicalos na súa vida diaria.

- Desenvolver competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, desenvolvendo o espírito crítico ante os eu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse nas respostas visuais e audiovisuais.

- Valorar a hixiene e as saúde, aceptar o propio corpo e dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Coñecer a valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

- Desenvolver as capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- Desenvolver hábitos cotidiáns de mobilidade activa, autónoma e saudable, fomentando a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.

C. Obxectivos xerais da Educación Secundaria.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores común da unha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio desenvolvemento persoal.

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rechazar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

- Fortalecer a as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.

- Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura con distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito na lingua castelá e lingua galega, textos e mensaxes e iniciarse no estudo, coñecemento e lectura da literatura.

- Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

- Coñecer a aceptar o funcionamento do propio corpo e dos outros, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade e toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara os seres vivos, especialmente os animais, o medio ambiente, cuntribuíndo á súa conservación e mellora.

- Apreciar a creacións artísticas e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, usando diversos medios de expresión e representación.

7.2. Obxectivos da formación profesional adaptada.

A formación profesional adaptada ten como finalidade a adquisición de competencias profesionais e de habilidades para a vida diaria, que permitan ao alumnado desenvolverse coa máxima autonomía posible nos ámbitos persoal, social e laboral.

Así permitirá:

- Desenvolver actitudes e condutas de valor social e solidario que permitan ao alumnado asumir os seus deberes e dereitos, así como exercelos con responsabilidade no ámbito familiar, social e laboral.

- Fortalecer as capacidades afectivas persoais do alumnado favorecendo conductas racionais que posibiliten o rexeitamento da violencia, os prexuízos, os comportamentos sexistas e que resolvan pacificamente os conflitos.

- Desenvolver hábitos de estudo e de superación persoal para que o alumnado realice as aprendizaxes de forma correcta e como base para unha formación permanente.

- Promover o coñecemento e a utilización de forma correcta da lingua castelá e da galega, desenvolvendo no alumnado as capacidades de comprender e expresar mensaxes orais e/ou escritas que lle permitan integrarse na sociedade, desempeñar un traballo e utilizar a información da vida diaria.

- Promover o coñecemento, a valoración e o respecto dos aspectos fundamentais e básicos da xeografía, a historia e a cultura propia e dos demais, iniciando así mesmo ao alumnado na valoración persoal das diferentes manifestacións artísticas.

- Promover o coñecemento dos aspectos fundamentais e básicos das matemáticas e das ciencias naturais para que o alumnado sexa capaz de aplicar os seus métodos na identificación e resolución de problemas relacionados coa profesión e a vida diaria.

- Promover o coñecemento, a valoración e o respecto da natureza e o medio ambiente desenvolvendo no alumnado condutas adecuadas que colaboren na súa conservación e mellora tanto na vida diaria como no desempeño da profesión.

- Coñecer e utilizar correctamente as novas tecnoloxías para a obtención e a análise da información necesaria para o desenvolvemento persoal, social e laboral.

- Coñecer os seus dereitos e deberes como traballadores, desenvolvendo actitudes e condutas que favorezan a súa inserción e a súa promoción laboral.

- Favorecer o espírito emprendedor promovendo valores, actitudes e condutas que colaboren xerando autoconfianza, sentido e discurso crítico e iniciativa tanto individual coma colectiva ou de equipo.

- Coñecer e prever os factores e condutas de risco no desempeño da súa profesión.

- Valorar e recoñecer a formación e orientación laboral con vistas ao mundo profesional.

7.3. Obxectivos da formación de transición á vida adulta.

O alumnado escolarizado en educación básica obrigatoria ou en formación profesional adaptada poderán completar a súa formación con programas de formación para a transición a vida adulta.

Estos programas estarán orientados ao desenvolvemento e promoción da autonomía e a inclusión social e laboral e desenvolverase nos seguintes ámbitos:

- Autonomía persoal na vida diaria.

- Inclusión social e comunitaria.

- Orientación e formación laboral.

- Formación orientada ao desempeño profesional.

VIII. AVALIACIÓN DO ALUMNADO.

Entendemos a avaliación como un proceso sistemático, integrador e continuo de valoración obxectiva do rendemento académico e da evolución dos alumnos.

Partimos sempre dunha avaliación inicial que nos indique os niveis de competencia curricular básicos de partida. Tratamos de que sexa continua e formativa para ir reaxustando o ensino de cada alumno ou alumna sempre de acordo cas súas posibilidades reais e adaptala ás súas verdadeiras necesidades.

A avaliación baseámola en:

- A observación e rexistro sistemático de hábitos e actitudes.
- Textos escritos, producións orais e traballos realizados polo alumnado na clase.
- Probas específicas de personalidade, autonomía persoal, maduración...

Para permitir a valoración obxectiva do alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Outros aspectos a ter en conta, por tratarse de alumnado con necesidades educativas especiais son:

- Satisfacción persoal polo traballo ben realizado.
- Valoración do esforzo persoal.
- Ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe.
- Grao de participación no traballo en equipo.
- Autoestima, socialización, autonomía e comunicación.

Nas distintas programacións e adaptacións curriculares, se é o caso, constarán os distintos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos en dita adaptación.

O profesorado avaliará as aprendizaxes do alumnado e os procesos de ensinanza e a súa práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

IX. ESTRUTURA ORGANIZATIVA.

9.1.Órganos de goberno

A composición e competencias dos órganos de goberno, tanto unipersoais como colexiados, seguirán o establecido na normativa vixente e nos distintos documentos do centro.

Unipersoais:

- Director/a
- Xefatura de estudos.
- Secretario/a.

Estes forman o equipo directivo.

Colexiados:

- Consello Escolar e as súas comisións.
- Claustro de profesores.

9.2. Órganos de coordinación

- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Comisión de convivencia.
- Departamento de orientación.
- Equipo para a dinamización da lingua galega.
- Equipo de actividades extraescolares.
- Equipo de dinamización da biblioteca.
- Coordinación de formación en centros de traballo.

9.3. Atención especializada

- Orientación.
- Audición e linguaxe
- Fisioterapia.
- ATS-DUE.

O servizo de fisioterapia lévase a cabo por unha fisioterapeuta que fai xornada completa no centro en horario de mañá.

Atende a aquel alumnado de centro e de escolarización combinada que necesita dunha rehabilitación motórica. Entre os seus obxectivos xerais:

- Mellorar o desenvolvemento motórico do alumnado que o precise.
- Instaurar pautas saudables para un bo funcionamento do sistema locomotor do alumnado.

O seu programa de traballo será recollido na Programación Xeral Anual que se realiza no mes de setembro.

As liñas de actuación de audición e linguaxe serán:

- Potenciar a autonomía persoal e a calidade de vida.
- Aumentar e mellorar a comunicación e a linguaxe na medida das posibilidades de cada alumno/a.

-Aumentar e mellorar a comunicación utilizando sistemas alternativos de comunicación (no caso de alumnado sen linguaxe oral ou ben como apoio do mesmo).

-Aumentar a integración e socialización do alumnado no centro e con toda a comunidade educativa.

- Xeneralizar as aprendizaxes a outros contextos.

- Potenciar o interese pola comunicación.

9.4. Tutorías

A tutoría é un compromiso colectivo coa educación e a orientación dos alumnos, una responsabilidade compartida pola comunidade educativa enfatizando no posible os aspectos de relación afectiva que debe presidi-la actuación do profesor. A materialización da acción titorial realízase en tres ámbitos necesariamente interrelacionados: o alumno, a familia e o Centro educativo. As actividades titoriais non se realizan necesariamente en horario específico senón totalmente integradas na función docente.

9.5. Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas.

A ANPA é o órgano de representación colectivo das familias que son parte da comunidade educativa.

A ANPA intervirá nos seguintes aspectos:

- Asistencia ás familias do alumnado.

- Promoción da participación das familias no centro e nos seus órganos de representación.

- Colaboración nas actividades educativas de tipo complementario e extraescolar.

- Modificación e elaboración dos documentos de centro.

- Normativa de organización e funcionamento do centro.

A organización da ANPA desenvólvese a través da súa xunta directiva eleixida entre os seus membros. A ANPA será autónoma con respecto ao centro educativo, segundo os seus propios estatutos, regulamentos e lexislación vixente.

X. ATENCIÓN AO ALUMNADO.

10.1. Criterios de agrupamento.

Intentarase agrupar ao alumnado, entre outros, segundo os seguintes criterios:

- Idades similares.

- Priorizar aspectos de adaptabilidade.

- Nivel de maduración e intereses persoais.

- Nivel de competencia curricular, estilos de aprendizaxe, posibilidades e expectativas.

Buscarase crear clases tranquilas para favorecer a coeducación, a aprendizaxe cooperativa e así tamén se axuda a previr conflitos, co cal tratarase de que varios alumnos/as con condutas disruptivas non coincidan na mesma aula se é posible.

Ao longo do curso poderase levar a cabo cambios nos grupos, cando as circunstancias organizativas así o aconsellen. Lóxicamente esto será máis evidente no primeiro trimestre.

Os grupos poderán desdoblarse para a realización de determinadas actividades tales como: obradoiros, conmemoracións ou actividades complementarias e extraescolares.

10.2. O profesorado e as titorías.

O profesorado en xeral intervirá nos seguintes aspectos:

- Avaliación do alumnado e do proceso educativo.
- Programación da ensinanza.
- Tutoría do alumnado en colaboración coas familias.
- Orientación educativa e profesional.
- Promoción, organización e participación en actividades complementarias.
- Convivencia e clima de respecto no centro.
- Investigación, experimentación, formación continua para unha mellora do proceso de ensinanza.
- Participación na actividade do centro en xeral.

A acción titorial e a orientación forma parte da función docente. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha persoa titora e a súa designación corresponde a dirección do centro por proposta da xefatura de estudos.

As distintas titorías intervirán nos seguintes aspectos:

- Desenvolvemento da acción titorial e deseño de accións concretas en coordinación coa xefatura de estudos.
- Información ás familias a comezo de curso.
- Coñecemento de aspectos que poidan influir no rendemento académico do alumnado.
- Integración do alumnado no grupo e participación no centro.
- Coordinación da avaliación do alumnado e tomar as decisións pertinentes.
- Documentación oficial.
- Colaboración co resto de titorías para levar a cabo proxectos e pautas de actuación.
- Coordinación de axustes nas metodoloxías e avaliación para o seu grupo de alumnos e alumnas.

10.3. Recursos e medidas extraordinarias: audición e linguaxe e fisioterapia.

Para a intervención específica en logopedia e fisioterapia precísase conformidade da familia.

Criterios xerais de intervención específica:

Seguirase o establecido tanto no P.A.D. (Plan de Atención á Diversidade) como na lexislación vixente.

10.4. Departamento de orientación.

Ámbitos de actuación:

- Atención a diversidade.

-Elaboración de propostas didácticas para a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe

- Identificación das capacidades dos alumnos/as en relación cos obxectivos xerais.

- Establecemento de criterios e procedementos para a avaliación.

-Concreción das actividades de ensinanza-aprendizaxe na aula: formas organizativas...

-Colaboración cos equipos docentes na adopción de medidas educativas axeitados ao alumnado.

- Avaliación psicopedagóxica conxuntamente co/a titor/a e cos outros profesionais que interveñen , tendo en conta :

-Análise das medidas educativas adoptadas.

-Nivel de competencia curricular acadado nos distintos ámbitos do desenvolvemento

-Información sobre as circunstancias de tipo escolar, familiar, social que poden estar incidindo no proceso de ensinanza -aprendizaxe

-Avaliacións psicopedagóxicas nos supostos de:

-Demanda titor/a

-Casos prescritos pola administración educativa para a elaboración de informes e/ou ditames de escolaridade.

-Informes demandados por outras entidades.

-Demanda realizada pola familia.

-Protocolos de actuación para alumnado con problemas de conduta.

-Acción tutorial en colaboración co resto de profesorado.

-Coordinación con tutores/as e equipo docente para análise conxunta da resposta educativa máis axeitada mediante:

-Intervención directa: elaboración modelo de intervención que se adapte as necesidades e características do/a alumno/a o grupo de alumnos/as.

-Intervención indirecta: apoio e asesoramento a titor/a e/ou profesionais que interveñen.

-Coordinación cos/as Auxiliares Técnico educativas/ coidadoras, sobre todo nos casos de alumnos/as gravemente afectados e/ou alumnos/as con distintos programas que afectan a ditos profesionais : alimentación, control de esfínteres....

-Coordinación co servizo de fisioterapia.

-Coordinación con profesionais que atenden alumnado con modalidade de escolarización combinada.

- Coordinación con outros servizos:

-Externos ao sistema educativo:

- Servizos sociais municipais e territoriais.

- Servizos sociais especializados.

- Servizos Sanitarios.

- Centros de apoio a Integración e Especiais de Emprego.

-Asociacións de familiares e persoas con discapacidade.

- Unidades de Atención Temperá.

- Servizo de atención a menores.

-Servizos educativos:

-Centros de Educación Infantil e Primaria.

-Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria.

-Equipo de Orientación Específico.

- Inspección educativa.

10.5. Auxiliares técnicos educativos (ATE)

O persoal ATE intervén nos seguintes aspectos:

- Cambios e control postural que o alumnado precise.

- Facilitar traslados polos espazos do centro.

- Coidado do alumnado durante o período lectivo, mesmo dentro da aula se é preciso.

- Colaborar na atención ao alumnado durante o tempo de recreo, xogo ou lecer.

- Atender ao alumnado no tempo de comedor escolar e no tempo anterior e posterior.

- Acompañamento na ruta escolar cando sexa preciso.

- Participar nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado atendido, previa convocatoria.

A atención do persoal ATE será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que vaia adquirindo o alumnado.

10.6. Educadores/as.

Interveñen nos seguintes aspectos:

- Programación de actividades de ocio e tempo libre para o alumnado.
- Coordinación cos cuidadores/as que atenden ao alumnado.
- Comunicación co centro estudos.
- Fomento de hábitos e coidado persoal nas comidas e na vida diaria
- Colaboración no comedor, transporte e actividades complementarias e extraescolares.
- Elaboración de programas para a atención ao alumnado favorecendo a autonomía persoal, comunicación e a socialización.

- Control de estudo en horario extraescolar.
- Mediar no contacto do centro coas familias.

10.7. Intérprete lingua de signos.

Interven nos seguintes aspectos:

- Facilitar o acceso ao currículo do alumnado favorecendo a comunicación cos membros da comunidade educativa.
- Colaborar na formación do persoal do centro que intervén no proceso educativo do alumnado con discapacidade auditiva ou/e xordocegueira.
- Estabecer canles de comunicación do departamento de orientación e cos equipos docentes.

1.8. ATS-DUE

- Atención ao alumnado enfermo ou indisposto.
- Colaboración na xestión da documentación do servizo de enfermería.
- Promoción da saúde e de educación para a saúde.

XI. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Concepto.

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe , motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

2. Liña metodolóxica.

A liña metodolóxica considerará a cultura da diversidade, da inclusión, da coordinación, a participación, colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da relación co contorno e institucións e a da recuperación.

3. Medidas de atención á diversidade

A. Medidas ordinarias.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula.
- Adecuación das distintas programacións.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, proxectos e outros que promoven a inclusión.

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

- Aulas de atención educativa e convivencia.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- Plans específicos de reforzo.

- Programas de habilidades e competencias sociais.

B. Medidas extraordinarias.

- Adaptacións curriculares e flexibilizacións modulares.

- Apoio do profesorado de audición e linguaxe.

- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas educativas.

- Atención educativa domiciliaria.

- Atención educativa hospitalaria.

- Atención educativa virtual.

- Atención ao alumnado procedente do estranxeiro.

4. Recursos materiais e profesionais.

O centro contará co equipamento material necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado escolarizado. En ese equipamento considerarase a accesibilidade ás súas instalacións e dependencias.

O centro contará coas persoas profesionais especializadas que necesite para atender a totalidade do alumnado do centro.

5. Plan xeral de atención á diversidade.

É o documento que articula a atención á diversidade no centro en el concretaranse todas as medidas que o centro desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

Adecurará a súa estrutura ao que dispón o artigo 12 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

A elaboración corresponde ao departamento de orientación de acordo coas directrices da comisión de coordinación pedagóxica e as achegas dos distintos equipos.

A aprobación corresponde ao consello escolar, logo da aprobación do claustro de mestres e formará parte do proxecto educativo de centro.

XII. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

12.1 Comedor

Xestionado directamente polo centro e facendo uso del a case totalidade do alumnado o comedor escolar é lugar de encontro de todos os escolares do centro, onde a comida se ofrece como un momento de pracer.

O espazo de comedor é suficiente para que resulte acolledor e poidamos estar cómodos/as.

Na organización e funcionamento do comedor interveñen diariamente a dirección, a encargada de comedor, educadores/as, coidadoras/es, cociñeira e axudante de cociña.

O horario de comedor, con carácter xeral, é as 14.00 horas e despois do transporte escolar prográmanse actividades extraescolares por parte da ANPA ou outras entidades como o Concello.

Cada curso escolar na Programación Xeral Anual especificarase a organización concreta das distintas actividades e os responsables das mesmas.

12.2. Transporte escolar.

O centro dispón do servizo complementario de transporte escolar que usa de luns a a venres o alumnado que non usa a residencia internado e os luns e venres o alumnado que reside no internado.

Unha das liñas está adaptado ás necesidades do noso alumnado e realiza a ruta pola cidade de Lugo.

Temos unha liña de transporte pola cidade de Lugo e outras polos distintos puntos de residencia do alumnado.

Cada unha das liñas conta con persoal coidador se é preciso e no caso da liña de Lugo realizan esta tarefa o persoal coidador do centro, á mañá e á saída despois do comedor.

Para algún alumnado que non é posible ofrecer unha liña de transporte tramítanse axudas individualizadas desde a o servizo da xefatura territorial.

11.3. Residencia internado.

O servizo funciona de luns a venres e os fins de semana o alumnado marcha para o seu lugar de residencia.

O centro conta no 1^o andar do edificio con habitacións, sala para o tempo de lecer, baños para cubrir as necesidades básicas do alumnado.

Na organización e funcionamento do internado interveñen diariamente a dirección, educadoras, coidadores/as, servizo de cociña, lavandería e limpeza.

Parte deste persoal faino en quendas rotatorias, ou xornada continuada segundo o recollido no DOC e na PXA.

Os obxectivos a desenvolver no internado:

- Favorecer na medida do posible o desenvolvemento da autonomía persoal dos/as internos/as nas actividades da vida diaria: aseo; vestido, alimentación, ocio e tempo libre.
- Establecer rutinas diarias que lles faciliten a integración e lle dean seguridade nun espazo que é a súa casa.
- Crear un clima familiar nas instalacións do internado e no trato co alumnado que fai uso do servizo.
- Facilitar en todo momento a comunicación e a coordinación do internado coas familias.

XIII. PROXECTOS, PLANS E OUTROS DOCUMENTOS DE CENTRO

O centro participa nunha serie de plans e proxectos tales como:

- Plan Proxecta +.
- Plan Director para a convivencia.
- Proxecto webs dinámicas para os centros educativos que permite xestionar a páxina web e aula virtual.
- Plan de formación do profesorado, PFPP, previa detección de necesidades.
- Plan LIA de bibliotecas escolares.
- Programa Alerta Escolar para a xestión de certas urxencias médicas e atención ao alumnado con enfermidade crónica, en colaboración coa Fundación 061.
- Proxecto Lanzadeiras.

Presentamos cada curso unha serie de plans e proxectos que forman parte da PXA, programación xeral anual:

- Plan de actividades complementarias e extraescolares.
- Plan para a dinamización da lingua galega.
- Programa de dinamización da biblioteca.
- Plan anual de orientación e acción tutorial.
- Plan de dinamización das novas tecnoloxías.

Outros documentos do centro son:

- Plan de acción tutorial.
- Plan de convivencia.
- Plan de igualdade
- Normas de organización e funcionamento.
- Plan de atención á diversidade.
- Proxecto lingüístico.
- Protocolo de organización do servizo de comedor escolar.
- Plan de autoprotección.
- Plan APPCC de control e seguridade alimentaria.
- DOC, documento de organización do centro.
- Programación xeral anual, PXA.
- Plan de continxencia para situacións de emerxencia.

Disposición adicional décima da LOMLOE:

“O Ministerio de Educación e Formación Profesional en colaboración coas administracións educativas definirán un modelo de Plan de Continxencia para dar continuidade á actividade educativa, de modo que garantice o dereito á educación do alumnado en calquera circunstancia.”

XIV. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Programanse en setembro para que queden reflectidas na programación xeral anual, no proxecto de actividades complementarias e extraescolares de cada curso académico.

Obxectivos:

- Maior acercamento ao contorno.
- Desenvolvemento da aprendizaxe significativa
- Desenvolvemento funcional en contextos sociais.
- Uso axeitado do tempo libre
- Autonomía persoal e social.
- Favorecer a comunicación, autoestima, a socialización e o disfrute do tempo de lecer.

Características xerais:

As actividades extraescolares e complementarias, tanto as de aula como as de centro, adecuaranse as necesidades e características do alumnado ao que van dirixidas.

As actividades propostas e levadas a cabo por fundacións, asociacións, concello, ANPA...etc, as normas e criterios de participación son os establecidos por ditas entidades.

As propostas das actividades poden ser realizadas por:

- Equipo de actividades extraescolares e complementarias.
- Equipo para a dinamización da lingua galega.
- Equipo da dinamización da biblioteca escolar.
- Titor/a
- Equipo directivo.
- Calquera membro do Claustro
- Departamento de Orientación
- Actividades propostas por entidades, fundacións, concello.
- ANPA.

XV. AVALIACIÓN E REFORMA DO PEC

Co fin de de manter o Proxecto Educativo aberto e flexible establecemos una avaliación que nos permita ver o grao de consecución dos obxectivos propostos, a adecuación dos principios fundamentais e os obstáculos atopados.

Partindo da información recollida poderanse reformular os obxectivos e propoñer novas actuacións.

Indicadores a avaliar:

- A consecución dos obxectivos propostos.
- A adecuación ás necesidades do centro.
- O clima de traballo.
- O funcionamento dos órganos de coordinación, representación e xestión.
- O emprego de recursos e medios.

As reformas deste documento serán aprobadas polo claustro de mestres e consello escolar para adaptarse a nova normativa ou adaptación ao centro e inxerencias da comunidade educativa.

XVI. ANEXOS

Como anexos a este proxecto figurarán:

- Proxecto lingüístico.
- Plan de convivencia e N.O.F.C.
- P.O.A.T. (Plan de Orientación e acción tutorial).
- Plan de atención á diversidade.

Documento avaliado e aprobado polo claustro e consello escolar o día 25-01-2022
e aprobado pola dirección do centro o día 25-01-2022